



**Concello de Miño**

EXP.:2024/C002/000012

## ANUNCIO

**BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DUN SERVIZO DE BAR, DUN SERVIZO DE CASTAÑEIRO E DUN FOODTRUCK NA CARPA MUNICIPAL SITUADA NA RÚA XACEDOS EN COSTA MIÑO CO GALLO DO HALLOWEEN 2024 DO CONCELLO DE MIÑO.**

**Primeiro.-** Por resolución de alcaldía de data 21 de outubro do 2024 adoptouse o seguinte acordo:

“Aprobar as bases reguladoras da autorización para o servizo de bar, un servizo de castañeiro e un servizo de foodtruck, na carpa que se instalará por parte do Concello de Miño na Rúa Xacedos co gallo do Halloween Costa Miño 2024.”

**Segundo.-** As persoas físicas ou xurídicas interesadas en obter a concesión da mencionada instalación deberán presentar as súas solicitudes de maneira presencial no Rexistro Xeral do Concello de Miño en horario de 9:00 a 14:00 horas, dende o 22 de outubro do 2024 e ata o luns 28 de outubro de 2024 acompañando a documentación que se indica no Anexo I das presentes bases.

**Terceiro.-** A oferta económica partirá dun canon de 250 euros (a mellorar á alza).

**Cuarto.-** A apertura de proposicións en acto público será o 29/11/2024 ás 10:00 horas no salón de Plenos do Concello de Miño.

As bases e os anexos publicaranse na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello de Miño.

A secretaria municipal

Alejandra Rodríguez Menéndez